

Antón Baamonde: “O optimismo económico e social axudaría á identidade nacional galega”

[Francisco Cortez-Lobão Sineiro](#) 20 de febreiro de 2026

<https://temposdixital.gal/entrevista/entrevista-anton-baamonde.html>

Antón Baamonde vén de publicar *‘Agora non é antes’*, un volume onde se detén na situación internacional, esa Galicia que ás veces imaxinamos moito peor do que está e o necesario horizonte de esperanza tanto no país coma fora del. O libro vén de saír do prelo sumándose a unha liña de pensamento sobre a Galicia contemporánea que, como en *A derrota de Galicia* e *Unha Nova Olanda*, convida a repensar o xeito en que concibimos o país, o diagnóstico sobre este e, en consecuencia, *o que faz falta*.

Concibes este libro como unha culminación?

É unha peza máis dun puzzle que comecei con *‘A derrota de Galicia’*, onde intentaba captar a transformación social nestas décadas e chamar a atención sobre o grao de urbanización e outra morea de aspectos que quedaban na sombra. A conciencia dunha Galicia contemporánea basicamente urbana e periurbana. Un país que se desagrarizou e cuxa poboación vive nas cidades e periferias urbanas. Foi o comezo dun diagnóstico para apreixar o cadro social e propoñer unha mudanza na autopercepción colectiva. Cando escribín *‘Unha nova Olanda’* introducín elementos proactivos, pensando como en España existe un debate sobre o eixo mediterráneo que ignora o da continuidade poboacional de Ferrol ao Porto ou mesmo a Lisboa. E non existe porque Galicia e Portugal forman parte de dous Estados distintos e porque aquí non está tampouco na cerna do debate, aínda sendo fundamental para traballar unha economía de agrupación. Hai moitas empresas galegas ligadas a Portugal e viceversa. As interrelacións son enormes e é obvio que Galicia e o norte de Portugal deben ir en paralelo en termos económicos. Aquí entra a cuestión do AVE e de todas as conexións que deben existir entre as cidades para ligalas unhas con outras. O trazado entre a Coruña e Vigo foi desde que se construíu o máis exitoso de España, pero aínda está pendente o de Ferrol coa Coruña ou a continuidade Vigo-O Porto. Ou de Lugo e Ourense. De aí a idea dunha nova *‘Olanda’*. Porque en que se parecen Galicia e Holanda? Na ausencia dun París ou dunha Barcelona, de cidades xerárquicas no sistema urbano, substituídas por unha rede de cidades que hai que tecer coa axuda do tren.

Dis que son aspectos na sombra.

Hai moito que se pode facer para mellorar a calidade de vida das urbes e do ámbito periurbano. Temas fundamentais que non se atopan no imaxinario porque este tende a desterrar o urbano e ignorar as transformacións das últimas décadas. Esa idea proactiva do anterior libro tamén estaba en 'Galicia distrito industrial', cun necesario rexistro dun tecido industrial que non adoita estar na conciencia cando resulta moito máis importante do que temos na cabeza.

Eran dous libros relacionados nese aspecto...

Ambos os dous apuntaban segmentos de política industrial e achegaban elementos proactivos. En canto a '*Agora non é antes*', considéroo unha nova peza dun puzzle que aínda non sei se rematei. Divídese en tres partes fundamentais. A primeira enfatiza que o nivel de vida da Galicia contemporánea non difire moito, malia a imaxe tremendista e miserable que se constrúe, do contexto europeo. En Galicia vívese relativamente ben. Cómpre pasar páxina da idea anterior, do atraso, que ten certo elemento de predestinación ou de condena. A transformación das últimas décadas foi brutal, enorme. Nese primeiro apartado do libro subliño a pertenza de Galicia a Europa. Europa é o marco económico e político galego. Agora Trump aplica unha doutrina que leva implícita a destrución da Unión Europea apoiándose nos partidos patriotas, como el lles chama. Un retorno ás soberanías estatais. Esa Europa sería peor para a política e a sociedade galegas. Non sería rara a proscripción de certas expresións políticas. Despois, na segunda parte do libro, recollo as ideas dunha conferencia que impartín promovida pola Fundación Plácido Castro e onde expoño ideas sobre o federalismo e o galeguismo. Parece imposible nesta correlación de forzas unha evolución federal, pero é a máis conveniente e ligada á tradición galeguista. Xa na terceira parte, que non está directamente vinculada a Galicia, exploro a idea de que vivimos un cambio de época. Existe mesmo un certo desapego coa Ilustración. Hai anos que a ultradereita estadounidense e doutros puntos defende ideas coma a Ilustración Escura de Curtis Yarvin, un retorno ao pensamento antiilustrado. No libro falo a prol da esperanza. O problema das sociedades occidentais e os movementos progresistas contemporáneos é a ausencia dese horizonte. Con el poderemos evitar o regreso a esa "antellustración".

No libro presentas unha imaxe moi sombría do panorama internacional, e porén contrapola con outra luminosa ou optimista de Galicia: a idea de sermos un país normal, tan normal coma os que nos rodean. Nós avanzamos mentres o mundo ía para tras?

Creo que é así. Existe un perigo de regresión obvio no planeta, especialmente en Europa. Cando escribía o libro hai un ano xa mencionaba esta idea de Trump sobre as áreas de influencia. É unha situación moi complicada, pero se os elementos de escuridade se disipan, unha inflexión -que non destrución- no proxecto europeo podería ter consecuencias positivas. Se Europa se reindustrializa, Galicia ten oportunidades de xerar un importante distrito industrial. Ao final, que haxa poboación no rural depende de que existan industriais locais.

O imaxinario que percibes, moi ruralizado, parece transversal no país. Tanto na oposición coma en quen nos goberna.

Eu creo que existe unha cultura de consenso sobre ese punto nos aparatos políticos, pero tamén na propia sociedade galega. Existe unha disociación, por unha banda, entre as condutas efectivas -que son as doutras sociedades coma a nosa-, e a percepción dun mesmo ou da nosa realidade. É unha disociación cognitiva digna de analizar, que pode vir do trauma que significou a rápida transformación do mundo galego. A ideoloxía real, a mentalidade existente en moitas persoas do país, é "Galicia é así, pero eu non". Distánciase canto máis mellor. Aí existe unha ferida. Hai outros temas que aínda que non teñan tanto que ver no libro son dignos de mención.

Como cal?

Como se crean as elites en Galicia? Non está tematizado. Esas elites son urbanas, pero parte do consenso sobre ese país rural que asumimos significar non ver como funciona a socioloxía efectiva de Galicia e, en particular, quen manda e onde e como o fai. E estas elites son obviamente urbanas, particularmente coruñesas e viguesas. Os clubs náuticos e as hípicas non forman parte da conversa usual. Non intentamos falar do que temos diante dos ollos. Non temos a perspicacia para captar a sociedade en que vivimos, mentres temos a mente conxelada nun país que eu xa só vivín na infancia -aínda que xente máis nova ca min pode ter concepcións aínda máis convencionais e ruralizantes-. Non fomos quen de romper esta concepción colectiva. Se en Galicia é posible un proxecto político e social distinto e alternativo, ten que estar encarnado nas cidades.

De onde vén esta teima? Falas da influencia francesa na xeración que ten unha importancia fundamental na esquerda e no nacionalismo a partir dos anos 60. Os tempos de Alxeria e do maoísmo...

Se ollas para os anos 20, Risco ou Otero Pedrayo bebían da nova dereita francesa, co que naquel momento era a moda no ámbito conservador. Nos anos 60 sucede algo semellante co maoísmo na esquerda. É a doutrina atractiva, pola influencia francesa., nos partidos á esquerda dos *pecés*. Agora a cultura ten unha raíz máis anglosaxoa, pero até hai moi pouco a influencia era francesa. A descolonización e o maio do 68 eran a atmosfera daquela época, e non é estraño que fosen caldo de cultivo. Que ese caldo sexa o apropiado para pensar a Galicia contemporánea é outro conto.

A Galicia contemporánea é urbana. O imaxinario rural, moi presente, porén non está relacionado coa experiencia cotiá. Pensemos agora nas xeracións máis novas: ao mellor non comparten os prexuizos dos avós contra o galego pero veno como algo estraño. Afectivamente apreciado, se cadra, coma os obxectos dos pais que gardamos no faiado sen ser propiamente nosos. No libro expresas esa distancia afectiva no rexurdimento do fenómeno neotradicional na música. Xa nos poden gustar certos ritmos e certos grupos porque o mundo que alentou a música tradicional está extinto e xa non a asociamos á fame e o frío da aldea. Tamén te refires ao carácter “rándom” -cotián, ordinario, homologábel- da Galicia de hoxe. Esa nostalxia, porén, fainos “menos random”?

Somos random en termos sociais, políticos ou económicos. No cultural temos trazos propios. O que nos faltan son modelos autóctonos de cultura urbana. Na conciencia común, se falas galego es de aldea ou nacionalista. Esas novas xeracións que esperamos que poidan vivir sen prexuizos precisan, con todo, novos modelos. Ten que declinar-se unha cultura urbana en galego que xa dificilmente será dominante, pero polo menos evitaría a curva de declive. Ademais é que isto non bate co nacionalismo: este é un fenómeno urbano. Desde o inicio confórmano notábeis vilegos, clases medias, oficinistas... Os seus ideólogos sempre foron de extracción urbana. Fíxate nas persoas que se atopan nesta cafetería onde estamos agora mesmo. Se os escoitases falar verías que os seus temas de conversa son os de Netflix. Esa cultura fáctica, real e compartida, é a que poderíamos agardar. En Galicia houbo capacidade, falo dos séculos XIX e XX, de xerar unha cultura urbana galega. Pensa en figuras como Pascual Veiga e un certo nacionalismo musical. Hai moitos elementos onde se fixo máis feble e en parte porque o imaxinario existente non é moi útil á hora de interpelar.

Outro exemplo de disociación. A lectura histórica do país depende case sempre da sorte do idioma en cada tempo. Trasladamos a idea dos Séculos Escuros ao conxunto, e nese marco non

podemos explicar o esplendor do barroco galego ou a puxanza demográfica até non hai tanto tempo. O idioma está fatal, pero o país non está en fase terminal, e iso sábeo ben quen nos goberna dende hai corenta anos lembrando que vivimos mellor ca antes

Efectivamente. Son liñas de análise que perden cousas. A determinado segmento de poboación pérdenselle moitas cousas. Hai que ter a perspicacia, e se queres a coraxe moral, de ver a Galicia que é e non vivir nun mundo ás veces mítico onde o mito serve para ocultar realidades. Galicia ten pouco que ver co constructo que ten tanta xente na cabeza. Creio que un certo optimismo económico e social axudaría a un novo sentido da identidade nacional galega. Ese tremendismo tan apreciado por algúns remacha o cravo de todos os prexuízos acumulados. E así non se pode ir a ningún sitio. Non pode desencadearse ningunha enerxía colectiva. É paralizador. En chave política: permítese ao PP capitalizar uns éxitos e unhas transformacións que non provocou mentres se abona o fatalismo e a pasividade. Todo ao revés. Isto empata con outro tema que menciono no libro: a retórica da pasividade de Manolo Gago. Laméntase pero non se fai nada. Doutro xeito, é máis doado vivir nun universo fantástico propio no canto de falar co cuñado que non pensa coma nós. Tes que ter a perspicacia para ver as liñas de fondo. Afondar no urbano, ligar as cidades, crear valor. Crear unha cultura urbana ou perder os trens. O galego está nun punto onde resistirá por vontade e non por herdanza. Urxen outros referentes e concepcións que apelen a toda Galicia.

Falas desa Galicia urbana que ao mellor non existe no imaxinario *mainstream* da galegitude, pero si en discursos políticos concretos. Sen entender esa orfandade do imaxinario urbano non se entenderían fenómenos electorais tan potentes como o caballerismo en Vigo ou Jácome en Ourense cidade, a “Cinsenta de Galicia”. Explotan a aldraxe da falta de encaixe do seu modo de vida e hábitat no discurso político do país?

Iso foi tamén o coruñesismo de Paco Vázquez. A Galicia urbana ten a súa propia historia e estrutura: os polígonos de Vigo onde votaron a Podemos e ao Bloque son un exemplo diso. Nos ensanches das cidades danse estes tipos de socioloxías. Como funciona a nosa sociedade? E as elites locais? En ‘Unha nova Olanda’ quixen facer un estudo da nosa pequena historia. Hai unha cultura urbana peculiar en Galicia cos seus propios fitos: a reconquista en Vigo, o Ferrol e Vigo obreiros do 72, a Coruña capitalina de Carlos V e tamén cidade eminentemente republicana, a cidade de maior tradición urbana de Galicia. Existen moitos elementos históricos para unha crónica das cidades galegas. E posíbel narrar unha identidade urbana galega que interpela. A idea de Galicia, de identidade galega, debe incorporar ese conxunto de identidades urbanas, sacando un fío que as recolla. As cidades están cheas de historia e mesmo de formas de socialización distintas que estudar entre os nados nelas e os que chegan de fóra. Mira a relación de Ames con Santiago. Como desenvolves áreas urbanas entramadas? Iso inclúe procesos de periurbanización, de xentrificacións, de asentamento... Precisamos comprender mudanzas que son tan veloces como foi a desagrarización no seu día. Cousas que decote están fóra da conversa pública aínda que implícitas, por exemplo, na prensa local ou nas redes sociais.

O imaxinario ruralizante nin sequera parece corresponderse co rural real. O rural galego hoxe non é o de Balbino. Atopamos aldeas mortas, pero tamén grandes explotacións robotizadas e con man de obra estranxeira que compensa o éxodo rural.

O rural está moi capitalizado. A cantidade de adegas que se venderon a grandes grupos viñateiros! Quen di viño di aceite. Hai máis pobreza nun barrio urbano que no campo. As granxas de hoxe están automatizadas, con centos de cabezas de gando e traballadores estranxeiros. O rural non ten nada que ver co imaxinario del.

Temas coma Altri, os vertidos no encoro das Conchas... Todo iso que interpretamos como agresións ambientais non son tamén un subproduto do cambio económico e demográfico do rural galego? Se hoxe se contamina tanto é porque existe unha “industria rural”.

As capas freáticas galegas están moi contaminadas, porque hai quen as contamine. As fábricas de queixos producen industrialmente. Temos grandes industrias leiteiras. Outra cuestión é termos perdido a oportunidade de ter máis Feiracos dos que temos, máis cooperativas agrarias e maior transformación dos produtos. Obviamente as agresións ao medio ambiente que sufrimos son problemas modernos, que evidencian modernidade.

Gústame moito a idea do país random. Parte dese carácter random de Galicia non será pensar que só nos estamos dissociados entre o país que temos e o que imaxinamos? Non sucede o mesmo nesa Asturias cada día menos mineira e operaria? Tamén Portugal parece mirar cara ao pasado e evocar aquel campesiñado descalzo.

Cada sitio ten o seu. En tempos Cataluña era o lugar moderno en España, pero a percepción de agora dos cataláns é que Madrid xa non é aquela cidade funcionarial sen dinamismo. Todo cambia moi rápido e unha lectura posíbel do procès é que o seu imaxinario non se correspondía co país material. O caso galego é distinto porque Galicia percíbese con condescendencia, aínda que moi probablemente en relación calidade prezo se viva mellor en Galicia que en Madrid. Galicia xa podería dar o salto a unha concepción máis alegre de si mesma. Por desgraza, en moitos terreos, onde está o poder é Madrid. Pero en calidade de vida de Galicia compite con vantaxe en moitos aspectos. Este cambio de rasante tal vez xere un equilibrio na autopercepción que se traspase do plano económico e social ao plano simbólico, non só o lingüístico, que tamén. Iríanos mellor.